



CEIP ROSALÍA DE CASTRO DE LUGO

ADAPTACIÓNS DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

CURSO: SEXTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

***ÁREAS: Lingua Castelá, Lingua Galega, Matemáticas, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais e Francés
(materia de libre configuración)***

DATA: 12: 05- 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

Considéranse **estándares de aprendizaxe imprescindibles** os relacionados coa programación didáctica do curso 2019 – 2020 e periodizados para a 1ª e 2ª avaliación cuxo “*grao mínimo de consecución*” é igual ou superior ao 70% e, dentro dos que estaban especificados para a 3ª avaliación, seleccionamos os que se detallan a continuación:

ÁREA DE LINGUA CASTELÁ

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 1. Comunicación oral :falar e escoitar	
Utilizar de forma efectiva a linguaxe oral para comunicarse e aprender sendo capaz de escoitar activamente, recoller datos pertinentes aos obxectivos de comunicación, preguntar e repreguntar, participar en enquisas e expresar oralmente con claridade o propio xuízo persoal, de acordo a súa idade.	Utiliza de forma efectiva a linguaxe oral para comunicarse e aprender escoitando activamente, recollendo datos pertinentes ós obxectivos da comunicación.
Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.	Resume entrevistas, noticias, debates infantís... procedentes da radio, televisión ou Internet.
	Transforma en noticias feitos cotiáns próximos á súa realidade axustándoos a estrutura e linguaxe propios do xénero e imitando modelos.
Bloque 2. Comunicación escrita ler	
Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.	Mostra comprensión, con certo grado de detalle, de diferentes tipos de textos non literarios (expositivos, narrativos, descritivos e argumentativos) e de textos da vida cotiá.
Resumir un texto lido reflexando a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias.	Capta o propósito dos mesmos. Identifica as partes da estrutura organizativa dos textos e analiza a súa progresión temática.
	Elabora resumos de textos lidos. Identifica os elementos característicos dos diferentes tipos de textos.
Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole.	Interpreta o valor do título e as ilustracións.
	Marca as palabras clave dun texto que axudan á comprensión global.
	Activa coñecementos previos axudándose de eles para comprender un texto.
	Interpreta esquemas de chave, números, mapas conceptuais sinxelos.

Utilizar textos científicos en diferentes soportes para recoller información, ampliar coñecementos e aplicalos en traballos persoais.	É capaz de consultar diferentes fontes bibliográficas e textos de soporte informático para obter datos e información para levar a cabo traballos .
Utilizar as TIC de modo eficiente e responsable para a búsqueda e tratamento da información.	Sabe utilizar os medios informáticos para obter información.
Bloque 3 comunicación escrita : escribir	
Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas, coidando a caligrafía, a orde e a presentación.	Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.
	Escribe diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero, seguindo modelos, encamiñados a desenrolar a súa capacidade creativa na escritura .
Utilizar as TIC de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.	Usa con eficacia as novas tecnoloxías para escribir, presentar os textos e buscar información.
	Utiliza Internet e as TIC: vídeo, ordenador, cámara de fotos dixital e gravadora de audio como recursos para a realización de tarefas diversas.
Bloque 4. Coñecemento da lingua	
Aplicar coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Coñece recoñece todas as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar o nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ao relacionar palabras ou oracións, etc
	Conxuga e usa con corrección todos os tempos simples e compostos na formas persoais e non persoais do modo indicativo e subxuntivo de todos os verbos .
Desenrolar estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	Signala as características que definen ás diferentes clases de palabras: clasificación e uso para construír o discurso nos diferentes tipos de producións.
	Aplica correctamente as normas de acentuación, os signos de puntuación e unha sintaxe adecuada nas producións escritas

Bloque 5. Educación literaria

Integrar a lectura expresiva a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar, recoñecendo e interpretando algúns recursos da linguaxe literaria.	Realiza lecturas guiadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.
Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións, e fragmentos teatrais.	Crea textos literarios (contos, poemas, cancións) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos en ditas produción

ÁREA DE LINGUA GALEGA

2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados.	Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.
Amosar autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	Amosa autonomía lectora e capacidade de seleccionar textos do seu interese.
	Expresa opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.
Escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral.	Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refrán, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, cancións, ditos, romances, cantigas) e da literatura galega en xeral.
	Valora os textos da literatura oral galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións .	Elabora diferentes tipos de textos adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.
Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.	Coida a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte.
	Valora a lingua escrita como medio de comunicación.
Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e	Usa axeitadamente o dicionario para buscar calquera palabra, seleccionando

reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.	a acepción precisa segundo cada contexto.
Elaborar textos breves con creatividade.	Escribe textos breves de carácter creativo con certa riqueza léxica
Escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral.	Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refráns, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, cancións, ditos, romances, cantigas) e da literatura galega en xeral.
Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.	Emprega con correccións os signos de puntuación.
Utilizar estratexias para mellorar a lectura.	Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.
	Deduce o posible contido dun texto sinxelo antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.
	Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión integral, cando é preciso.

ÁREA DE LINGUA GALEGA

3. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados.	Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.
Amosar autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	Amosa autonomía lectora e capacidade de seleccionar textos do seu interese.
	Expresa opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.
Escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral.	Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refrás, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, cancións, ditos, romances, cantigas) e da literatura galega en xeral.
	Valora os textos da literatura oral galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións .	Elabora diferentes tipos de textos adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.
Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.	Coida a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte.
	Valora a lingua escrita como medio de comunicación.
Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.	Usa axeitadamente o dicionario para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto.
Elaborar textos breves con creatividade.	Escribe textos breves de carácter creativo con certa riqueza léxica
Escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral.	Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refrás, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, cancións, ditos, romances, cantigas) e da literatura galega en xeral.

Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.	Emprega con correccións os signos de puntuación.
Utilizar estratexias para mellorar a lectura.	Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.
	Deduce o posible contido dun texto sinxelo antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.
	Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión integral, cando é preciso.

ÁREA DE MATEMÁTICAS

4. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 1:	
Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados para a resolución de problemas.	Planifica o proceso de traballo con preguntas adecuadas: ¿qué quero averiguar?, ¿qué teño?, ¿qué busco?, ¿cómo o podo facer?, ¿non me equivoquei ao facelo?, ¿a solución é adecuada?
Bloque 2 : números	
Ler, escribir e ordenar, utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).	Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.
	Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras).
Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situacións de resolución de problemas.	Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes.
	Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis cercana.
	Ordena fraccións aplicando a relación entre fracción e número decimal.

Utilizar as propiedades das operacións, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se usan segundo a natureza do cálculo que se hai de realizar (algoritmos escritos, cálculo mental, tanteo, estimación, calculadora).	Coñece e aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 10.
Utilizar os números enteiros, decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelos para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.	Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.
	Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e na resolución de problemas.
	Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias.
Operar cos números tendo en conta a xerarquía das operacións, aplicando as propiedades das mesmas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se hai de realizar (algoritmos escritos, cálculo mental, tanteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.	Realiza operacións con números naturais: suma, resta, multiplicación e división.
	Identifica e usa os termos propios da multiplicación e da división
	Resolve problemas utilizando a multiplicación para realizar recontos, en disposicións rectangulares nos que intervén a lei do produto
Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas	Resolve problemas que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de contraexemplos), creando conxeturas, construíndo, argumentando, e tomando decisións, valorando as consecuencias das mesmas e a conveniencia da súa utilización.
	Reflexiona sobre o proceso aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto, buscando outras formas de resolvelo.

Bloque 3: medida.	
Seleccionar, instrumentos e unidades de medida usuais, facendo previamente estimacións e expresando con precisión medidas de lonxitude, superficie, peso/masa, capacidade e tempo, en contextos reais.	Identifica as unidades do Sistema Métrico Decimal. Lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume.
Operar con diferentes medidas	Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e

	<p>volume en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.</p> <p>Expresa en forma sinxela a medición de lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.</p> <p>Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.</p>
Utilizar as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis adecuadas, explicando por escrito, o proceso seguido e aplicándoo á resolución de problemas.	<p>Coñece e utilízalas equivalencias entre as medidas de capacidade e volume.</p> <p>Explica de forma oral por escrito os procesos seguidos e as estratexias utilizadas en todos os procedementos realizados.</p> <p>Resolve problemas utilizando as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis adecuadas, explicando por escrito, o proceso seguido.</p>
Coñecer o sistema sexagesimal para realizar cálculos con medidas angulares.	<p>Identifica o ángulo como medida dun xiro ou abertura.</p> <p>Mide ángulos usando instrumentos convencionais.</p> <p>Resolve problemas realizando cálculos con medidas angulares.</p>

ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

5. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender, e expresar contidos sobre Ciencias sociais.	<p>Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.</p> <p>Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.</p>
Realizar traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, amosando habilidade para traballar tanto individualmente como	Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.

de maneira colaborativa dentro dun equipo.	
Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras.	Amosa actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor que o fan activo ante as circunstancias que lle rodean. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
Explicar a influencia do comportamento humano no medio natural, identificando o uso sostible dos recursos naturais propoñendo unha serie de medidas necesarias para o desenvolvemento sostible da humanidade, especificando os seus efectos positivos.	Explica o uso sostible dos recursos naturais propoñendo e adoitando unha serie de medidas e actuacións que conducen á mellora das condicións ambientais do noso planeta.
Explicar as consecuencias que teñen as nosas accións sobre o clima e o cambio climático.	Explicar as causas e consecuencias do cambio climático e as actuacións responsables para frealo.
Identificar a estrutura e os fins da Unión Europea, explicando algunhas vantaxes derivadas do feito de formar parte da Unión Europea.	Explica que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos políticos e económicos e localiza nun mapa os países membros e as súas capitais. Identifica as principais institucións e os seus órganos de goberno na Unión Europea, recoñecendo os seus símbolos e explicando en que consiste o mercado único e a zona euro.
Describir os movementos migratorios da poboación galega e de España explicando o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país e identificar os problemas actuais da poboación.	Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país. Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación: superpoboación, envellecemento, inmigración etc

Utiliza as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes.	Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.
Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.	Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora. Respecta os restos históricos e os valora coma un patrimonio que debemos legar e recoñece o valor que o patrimonio arqueolóxico monumental nos achega para o coñecemento do pasado.

ÁREA DE CIENCIAS NATURAIS

6. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándares de ap
Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.	<p>Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións.</p> <p>Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.</p> <p>Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc).</p> <p>Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.</p>
Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun experimento ou dunha experiencia.	<p>Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.</p>
Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.	<p>Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións, formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.</p> <p>Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.</p>
Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das	Identifica os principais órganos implicados na realización das funcións

funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles e determinados hábitos de saúde.	vitais do corpo humano: nutrición, relación e reprodución, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles e determinados hábitos de saúde.
Coñecer o funcionamento do corpo humano en canto a células, tecidos, órganos, aparatos e sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, coidados, etc.	Identifica as principais características dos aparatos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor, e explica as súas principais funcións.
Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e sabendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida	Recoñece e explica estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento dos diferentes órganos e aparatos. Identifica e exemplifica hábitos saudables para previr enfermidades, e mostra unha conduta responsable.
Planificar e realizar sinxelas investigacións para estudar o comportamento dos corpos diante das forzas, a luz, a electricidade, o magnetismo, a calor ou o son.	Planifica e realiza sinxelas experiencias e predí cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas ou das achegas de enerxía, comunicando o proceso seguido e o resultado obtido.
Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia.	Presenta conclusións de procesos de investigación, experiencias sinxelas ou proxectos sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia, en diferentes soportes.
Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía. Identificar os beneficios e riscos.	Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.
	Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.

1. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>A avaliación e cualificación adáptase tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado.</p> <p>Procedemento: Observación e análise das diferentes tarefas presentadas polo alumnado por medio telemáticos e intercambios orais e escritos co alumnado,</p>
Cualificación final	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">• Actividades diversas realizadas polo alumnado e enviadas a través das plataformas habilitadas para elo.• Actividades interactivas realizadas na plataforma EVA – E-dixgal.• Rúbricas para a valoración cualitativa dos traballos realizados. <p>A cualificación final farase contando as dúas primeiras avaliacións, podéndose incrementar a súa cualificación no caso de realizar satisfactoriamente todas as tarefas de repaso, reforzo ou ampliación programadas durante o terceiro trimestre.</p>

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de recuperación, repaso e reforzo que están relacionados co currículo avaliado na 1º e 2º avaliación. • Actividades de ampliación. Vídeos explicativos, lectura de diferentes apartados, resumos, esquemas, mapas conceptuais .. así como a súa análise e comentario a través de distintas tarefas e traballos (elaboración de textos, comentarios de vídeos, realización de maquetas, pequenos circuítos, traballos de investigación ...)
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Durante o 3º trimestre, dado que as clases son online, empregamos unha gran variedade de medios dixitais. Falamos de alumnado de 6º , que posúe ordenador e que, por tanto, manexan gran cantidade de recursos dixitais: Abalar móbil, E-Dixgal, correo electrónico, Edmodo, Google Classroom, Genia-ly,... así, como un listado de recursos (vídeos, actividades, enlaces, esquemas, mapas conceptuais, resumos ..) que se poñen a disposición do alumnado.</p> <p>Neste caso, a totalidade do alumnado conta con conectividade e, na súa gran maioría, está en contacto permanente.</p> <p>Na semana facemos reunións en liña a través da plataforma Webex na que abordamos distintas cuestións que van dende a xestión emocional ata a resolución de dúbidas, presentación de traballos, propostas de lectura, suxestións, queixas ..</p> <p>A entrega de tarefas faise a través da plataforma E-Dixgal, Edmodo, Google Classroom ou, no caso de non ser posible, emprégase o correo electrónico ou, calquera outra que lle dea facilidades ao alumnado e a súa familia.</p> <p>Para contactar coa familia empregamos a mensaxería de Abalar, o correo electrónico da profesora ou, nalgún caso, o “whatsapp”.</p>
Materiais e recursos	Recursos audiovisuais, recursos propios, recursos de plataformas educativas, actividades online, lectura de libros ..

3. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A adaptación da programación didáctica do 3º trimestre será elaborada en base a unha serie de principios: transparencia, claridade e obxectividade para que o rendemento dos alumnos/as sexa avaliado coa maior obxectividade posible.
Publicidade	A adaptación da programación estará publicada na páxina web do centro para poñela en coñecemento das familias..

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: CEIP. ROSALIA DE CASTRO
CURSO: 6º PRIMARIA
MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA -FRANCÉS
DEPARTAMENTO:
DATA: 11/05/2020

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>Comunicación: comprensión oral</p> <p>Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público, e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o devandito.</p>	<ol style="list-style-type: none">1. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara.2. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas.3. Comprende, nunha conversación informal en que participa, presentación, descrições, e narracións formuladas en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se o interlocutor está disposto a repetir ou reformular o devandito.4. Comprende, nunha conversación formal en que participa, preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.
<p>Comunicación: produción</p> <p><u>Expresión</u></p> <p>Producir textos breves e suficientemente comprensibles, tanto en conversación cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe moi sinxela, en que se</p>	<ol style="list-style-type: none">1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos.2. Participa en conversacións informais breves, cara a cara ou por teléfono ou

<p>dá, solicita e intercambia información sobre temas cotiáns e asuntos coñecidos ou de interese persoal e educativo, aínda que se produzan interrupcións ou vacilacións, se fagan necesarias as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións, e o interlocutor teña que solicitar que se lle repita ou reformule o devandito.</p> <p><u>Interacción</u></p> <p>Manexar frases curtas e fórmulas para desenvolverse de maneira suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás. Interactuar de maneira simple en intercambios claramente estruturados, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor.</p>	<p>outros medios técnicos, en que establece contacto social, pide e dá indicacións ou instrucións.</p> <p>3. Desenvólvese de maneira simple nunha conversación formal ou entrevista, achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.</p>
<p>Comunicación: comprensión</p> <p>Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.</p>	<p>1. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián.</p> <p>2. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato en que se fala dun mesmo.</p> <p>3. Entende a idea xeral de correspondencia formal en que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo.</p> <p>4. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente, sempre que poida reler as seccións difíciles.</p>

<p>Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas habituais en situacións cotiás.</p> <p>Coñecer e aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple.</p> <p>Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso frecuente, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos suficientemente axustados ao contexto e á intención comunicativa.</p> <p>Coñecer e utilizar un repertorio léxico escrito suficiente para comunicar información breve, simple e directa en situacións habituais e cotiás.</p> <p>Coñecer e aplicar, de maneira suficiente para que a mensaxe principal quede clara, os signos de puntuación elementais e as regras ortográficas básicas, así como as convencións ortográficas frecuentes na redacción de textos moi breves en soporte dixital.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses. 2. Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), en que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións. 3. Escribe correspondencia persoal breve en que se establece e mantén o contacto social, se describen en termos sinxelos sucesos importante. 4. Escribe correspondencia formal moi básica e breve.
--	--

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Serán variados (orais, escritos, de observación) e descritivos para facilitar a información do progreso nesta área.
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none">• Vídeos e audios• Traballos de fichas• Flashcards
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: <ul style="list-style-type: none">• Traballos realizados• Lapbooks/comics/fichas• Exercicios de apoio e repaso
Proba extraordinaria de setembro	Non hai
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: <ul style="list-style-type: none">• Non hai
	Criterios de cualificación: <ul style="list-style-type: none">• Non hai
	Procedementos e instrumentos de avaliación: <ul style="list-style-type: none">• Non hai

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<ul style="list-style-type: none">• Lecturas comprensivas• Vídeos con cancións de Youtube• Traballos de audio e vídeo• Xogos• Lapbooks de repaso, reforzo e ampliación• Portfolio
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Utilización das novas tecnoloxías grazas as ferramentas como Eva E-dixgal, videoconferencias vía Cisco Webex, Neetbook individual do alumnado por ser aula Abalar.</p> <p>Base fundamental é a comprensión oral e a expresión oral da lingua estranxeira</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none">• <u>Plataforma Eva E-dixgal</u>• <u>diferentes axudas e vídeos de Youtube</u>• <u>Cisco Webex</u> (videoconferencias)

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	AbalarMóbil Boletín de avaliación do terceiro trimestre Boletín de avaliación final
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.